

‘As Elixidas’ reunirá na Coruña a alcaldesas e concelleiras de África, Brasil e Galicia

- O Encontro Internacional de Mulleres Electas ‘As Elixidas’ abordará os días 10 e 11 de decembro o rol das donas no poder local e os desafíos que enfrontan
- O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade organiza as xornadas, cofinanciadas polo Concello da Coruña, a Deputación Provincial e a Fegamp

Pontevedra, 18 de novembro de 2024. O Encontro Internacional de Mulleres Electas ‘As Elixidas’ reunirá os días 10 e 11 de decembro na Coruña a alcaldesas e concelleiras de Cabo Verde, Mozambique, Brasil, Galicia e outros puntos do Estado co fin de poñer en valor o papel das donas no poder local e compartir os desafíos que enfrontan. O Pazo de María Pita e o Palexco acollerán este **espazo de sororidade, diálogo e colaboración** organizado polo [Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade](#), co apoio do Concello da Coruña, a Deputación Provincial e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

Promover a participación das mulleres na política, especialmente no ámbito municipal, e tecer alianzas para solventar os retos que supón este liderado é o obxectivo das xornadas, dado que en todos os países participantes hai un déficit de representación feminina na toma de decisións. En Galicia mesmo, de 313 concellos tan só 71 contan cunha alcaldesa á fronte. A participación política das mulleres é imprescindible para avanzar na igualdade de xénero e para a consolidación da democracia, de aí que sexa necesario facilitar a súa incorporación aos postos de mando na esfera pública, a fin de **mellorar os procesos de gobernanza**.

As políticas locais sobre vivenda, seguridade, transporte ou economía afectan á vida de todas as persoas, por iso é fundamental a presenza das mulleres na elaboración das mesmas, a fin de **aplicar un enfoque de xénero** que teña en conta as súas necesidades e que aborde cuestións específicas como a violencia machista. Deste xeito, o programa de ‘As Elixidas’ achegarase ao rol das mulleres no impulso de políticas públicas a prol da equidade de xénero, as metas e desafíos que atopan na política municipal ou o potencial das asociacións de concelleiras e alcaldesas, como a Rede de Mulleres Electas Locais de África (REFELA), amais de incluír un obradoiro sobre **ferramentas para afrontar as violencias políticas**.

O Encontro Internacional de Mulleres Electas ‘As Elixidas’ alíñase así coa **meta 5.5 dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)**, que chama a “asegurar a participación plena e efectiva das mulleres e a igualdade de oportunidades de liderado a todos os niveis decisorios na vida política, económica e pública”. Ademais, o evento coincide coa

conmemoración do **Día Internacional dos Dereitos Humanos**, que este ano se celebra baixo o lema '[Os nosos dereitos, o noso futuro, xa!](#)', lembrándonos que “todas as persoas deben poder exercer o seu dereito a participar de maneira significativa na vida pública”. As interesadas en asistir ás xornadas 'As Elixidas' teñen ata o 3 de decembro para **inscribirse no formulario**: <https://forms.gle/PDUT5LmMe7QgTNB97>.

O Fondo Galego

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está integrado por 113 concellos e as catro deputacións de Galicia, que concentran a través desta rede os seus esforzos no eido da cooperación ao desenvolvemento. Garántese deste xeito unha xestión profesional e transparente, así como a realización de proxectos con impacto nos países do Sur Global e a sensibilización da sociedade galega a prol da solidariedade internacional. **Recoñecido como axencia municipal da cooperación galega**, o Fondo Galego vén de cumprir 27 anos tendo apoiado uns 200 proxectos en máis de trinta países e promovendo numerosas actividades e materiais en relación aos desequilibrios Norte-Sur e a Axenda 2030.

ÁREA DE COMUNICACIÓN

Carmen Novas 604 040 890

comunicacion@fondogalego.gal

